



**Expediente nº: 1427/2018**

**ACTA DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE SELECCIÓN DE PERSOAL**

Sendo as 10.00 horas do 31.05.2019, réunese o tribunal cualificador constituído por:

Presidente: Ramón Rodríguez Paleo, Coordinador de obras municipal do Concello de Foz.

Vogais: Cándido Nazario Rodríguez Gil, Recaudador do Concello de Foz.

Mónica Itimia Labrada, auxiliar administrativo do Concello de Foz.

Secretario: Ana María Pérez Moreda, departamento de secretaría do Concello de Foz.

Co quórum suficiente, o tribunal cualificador queda constituído entrando no desenvolvemento do proceso selectivo que se convoca.

O secretario certifica a relación de aspirantes admitidos e documentos que achegan cada un deles, segundo a Resolución de alcaldía do 29.05.2019, que foi publicada na páxina Web do Concello no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Foz, para a selección de persoal laboral temporal de apoio a prestación dos servizos básicos municipais (DEPUEMPREGO 2018), para o posto de traballo de 1 praza de pintor, e que se resume de seguido:

**ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:**

JUAN LUIS CUADRADO BAAMONDE	33 998 533 Q
JULIO LÓPEZ JANEIRO	77 594 766 B
RICARDO PENA LABRADA	34 883 019 T
ANA URÍA CAMPOS	77 594 800 E

**FASE DE OPOSICIÓN**

**(Puntuación máxima 20 puntos)**

A fase de oposición consistirá na realización dun exercicio práctico de forma escrita relacionado co posto de traballo a desempeñar, que acredite a idoneidade dos aspirantes ao posto de traballo ofertado, puntuándose de 0 a 20 e debendo acadarse, para aprobar, un mínimo de 10 puntos.

PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que no acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 2 ou equivalente.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

Puntuacións:

NOME	DNI	OPOSICIÓN	GALEGO
Juan Luis Cuadrado Baamonde	33998533Q	9	
Julio López Janeiro	77594766B	19	Celga
Ricardo Pena Labrada	34883019T	13	Celga
Ana Uría Campos	77594800E	10	Celga

Procédese a continuación a sumar os puntos obtidos polos aspirantes que superaron a fase de oposición, coa puntuación da fase de concurso consistente na valoración dos méritos aportados, obtendo o seguinte resultado:

Puntuacións:

NOME	DNI	CONCURSO	OPOSICIÓN	TOTAL
Julio López Janeiro	77594766B	2,28	19	21,28
Ricardo Pena Labrada	34883019T	0,10	13	13,10
Ana Uría Campos	77594800E	0,60	10	10,60

Coa suma das puntuacións obtidas, propón á Alcaldía-Presidencia do Concello de Foz, aos seguintes candidatos:

JULIO LÓPEZ JANEIRO

Quedan como suplentes:

RICARDO PENA LABRADA

ANA URÍA CAMPOS

O aspirante proposto presentará no Rexistro da Corporación no prazo de cinco días naturais dende que se faga pública a acta cos resultados, os documentos acreditativos esixidos.

Se no prazo indicado, e salvo casos de forza maior, o opositor proposto non presentase a documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivese podido incurrir por falsidade na instancia solicitando formar parte do concurso-oposición.

Presentada a documentación, o alcalde ditará resolución nomeando ao aspirante proposto polo tribunal calificador.

Foz, a 31 de maio de 2019

O presidente

A secretaria

Os vogais

Contra o presente acto definitivo acadado polo Tribunal Cualificador, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante este tribunal, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (artigo 46 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).